

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE MARZO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 19 de febreiro de 2014, coa rectificación do erro padecido no acordo número 13/96.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e apertura dun obradoiro artesanal de pasta seca e cervexa, para situar en rúa Rof Codina, número 7-baixo, local C.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para legalización de modificación de planta terceira e baixo cuberta para ampliación da vivenda 3º-i en dúplex, sen modificación do número de vivendas, no edificio con licenza número 480/92, sito en solo urbano na rúa Pousadela, número 32; para cambio de uso de local a vivenda, na planta terceira, porta B, do edificio con licenza número 1109/06, sito na rúa Vila Verde, número 34; para cambio de uso de planta baixa comercial a garaxe aparcadoiro en grao 1º - situación b, no edificio con licenzas 208/91 e 418/93, sito en solo urbano, na rúa Illas Canarias, número 35; para demolición da edificación de planta baixa, alta na avda. da Coruña, número 109; para legalización de obras en edificacións existentes e execución de obras para remate, reforma e ampliación delas para garaxe e almacén e muro de peche, no núcleo rural tradicional de Santoiño, número 6, parroquia de Piúgos e para parcelamento das parcelas matrices 22, 23, 24, 36 e 37 do polígono 138 de Santa Marta de Fixós.

Tamén se acorda a denegación de licenza para acondicionamento de canceira en Matelo, Santa María Alta.

|  |  |        |            |
|--|--|--------|------------|
| FIRMADO POR  | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA  | 11/03/2014 |
| ID. FIRMA  | afirma.pro                                   | PÁGINA | 1/3        |
| <br>0tDFQD9rzovdKJGfIimBVg== |  |        |            |

**2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.-** Acórdase a resolución dos seguintes expedientes: de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 40/12, feita con data do 19 de marzo de 2012, do local sito na rúa do Teatro, número 17 (local 6) con uso principal oficina-asesoría fiscal e contable; de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 197/12, feita con data do 19 de abril de 2012, das construcións sitas na rúa Garaballa de Arriba, número 106 con uso principal residencial; de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 44/12, feita con data do 21 de marzo de 2012, da construción sita en Tolda de Meilán na parcela con uso principal industrial de actividade de almacenamento e venda polo miúdo de mobles (el rey del colchón); de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 45/12, feita con data do 21 de marzo de 2012, da parte dereita do inmovible sito en Tolda de Meilán, 23 B con uso residencial e de almacén; de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 37/12, feita con data do 19 de marzo de 2012, das construcións sitas nas Regas-Carballido, con uso residencial, e garaxe-almacén; de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 62/12, feita con data do 3 de abril de 2012, das construcións sitas no Pondelo-Carballido con uso residencial e de almacén-barbacoa; de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 7/12, feita con data do 18 de xaneiro de 2012, do inmovible sito en Muxa de Abaixo, número 36 con uso residencial; de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 101/12, feita con data do 18 de abril de 2012, da edificación sita en Corvelle da parroquia de San Vicente de Coeo, e con uso residencial e de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 70/12, feita con data do 9 de abril de 2012, do inmovible sito no camiño de Casas Novas-As Areeiras, e composto dunha nave para uso de almacén.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a rectificación acordo Xunta de Goberno Local 12.02.2014, autorización horas extras dunha funcionaria.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal laboral, adscrito á Sección de Cultura e a aprobación da forma de compensación.

Así mesmo, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal funcionario, adscrito á Sección de Cultura e a aprobación da forma de compensación.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre

Código Seguro de verificación:OtDFQD9rzovdKJGfIimBVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

|             |  |                          |            |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA                    | 11/03/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro                                   | OtDFQD9rzovdKJGfIimBVg== | PÁGINA 2/3 |



OtDFQD9rzovdKJGfIimBVg==

construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras número 314/2013, concedida para construír un edificio na rúa Chantada, 35.

**ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

**5. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a aprobación do proxecto de modificación parcial da actual Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar no Excmo. Concello de Lugo.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Escrito presentado no que formula recusación contra a Técnica en Xardín de Infancia e Directora da Escola Infantil “Serra de Outes”, nomeada primeira vogal do tribunal cualificador para sete prazas de técnico en xardín de infancia, convocadas por Decreto número 12008591 (BOP número 244 do 23 de outubro de 2012).
- Escrito presentado no que formula recusación contra a Técnica en Xrdín de Infancia e Directora da Escola Infantil “Serra de Outes”, nomeada primeira vogal do tribunal cualificador para 7 prazas de técnico en xardín de infancia, convocadas por Decreto número 12008591 (BOP número 244 do 23 de outubro de 2012).
- Escrito presentado por no que formula recusación contra a Técnica en Xardín de Infancia e Directora da Escola Infantil “Serra de Outes”, nomeada primeira vogal do tribunal cualificador para 7 prazas de técnico en xardín de infancia, convocadas por Decreto número 12008591 (BOP número 244 do 23 de outubro de 2012).

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**



Código Seguro de verificación:0tDFQD9rzovdKJGfIimBVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

|             |  |                          |            |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA                    | 11/03/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro                                   | 0tDFQD9rzovdKJGfIimBVg== | PÁGINA 3/3 |



0tDFQD9rzovdKJGfIimBVg==